

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

- 13897** Orde ETU/1160/2017, do 21 de novembro, pola que se modifica a Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, pola que se regulan determinados aspectos relacionados co imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e cos perímetros de referencia para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes a concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos.

A Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos, establece o imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados a partir do 1 de xaneiro de 2016, e obriga os titulares de concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos a efectuar pagamentos aos propietarios dos terreos supraxacentes, todo iso coa finalidade de conseguir que parte da «riqueza derivada do aproveitamento dos bens de dominio público» reverta na sociedade.

Tanto a base impositiva do imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados como o importe dos pagamentos que se vaian realizar aos propietarios dos terreos supraxacentes determínanse tomando como base o valor da extracción dos hidrocarburos que, pola súa vez, se calcula como produto do volume dos hidrocarburos extraídos do subsolo, unha vez realizado o primeiro tratamento de depuración e separación das substancias alleas a estes, multiplicado polo prezo de referencia.

A Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, estableceu as disposicións necesarias para permitir que, na práctica, se poida liquidar o imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e os titulares de concesións de explotación de xacementos poidan aboar aos propietarios dos terreos supraxacentes os pagamentos que lles corresponden. Nesta orde estableceuse como referencia para a fixación dos prezos de referencia dos hidrocarburos unha serie de índices existentes no dito momento nos mercados de referencia para estes produtos.

Esta orde ministerial modifica a Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, co obxecto de substituír o índice establecido na redacción orixinal para o petróleo cru, actualmente inexistente, por outro índice en vigor cuxa vixencia no tempo se considera máis estable. Este índice seleccionado como substitutivo é utilizado con profusión no sector de hidrocarburos líquidos á hora de referenciar prezos de venda en contratos comerciais. Así mesmo, Platts, a entidade que o publica, opera de forma independente dos operadores petrolíferos e é actualmente o provedor líder de información e prezos de referencia dos mercados de materias primas e enerxía a nivel internacional.

Esta orde ministerial dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13^a, 14^a e 25^a da Constitución española, que reservan para o Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Así mesmo, encontra o seu fundamento na Lei 8/2015, do 21 de maio, que, no seu artigo 19, habilita o ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para aprobar o prezo de referencia dos hidrocarburos extraídos.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, pola que se regulan determinados aspectos relacionados co imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e cos perímetros de referencia para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes a concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos.*

O primeiro parágrafo do punto 1.a) do artigo 13 da Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, pola que se regulan determinados aspectos relacionados co imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e cos perímetros de referencia para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes a concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos, queda redactado como segue:

«a) Petróleo cru: tomarase a media das cotizacións diarias do cru tipo Brent para entrega ao día seguinte publicado por Platt's, desde o día 1 ao día 15 do mes anterior ao mes de referencia. As cotizacións de cada un dos días converteranse de \$/barril a €/barril utilizando o tipo de cambio diario, ou o do último día dispoñible, publicado polo Banco Central Europeo.»

Disposición transitoria única. *Aplicación.*

Os cambios introducidos pola presente orde na Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, serán de aplicación a partir do período impositivo correspondente ao ano 2018.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de novembro de 2017.–O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, Álvaro Nadal Belda.